



Os nócegos da vida


O IMPOSIBLE DE DESATAR

IVÁN GARCÍA CAMPOS

Galaxia | 2010 | 216 páxinas

Esta é unha novela que xoga coas aparencias, e aparentemente é a historia dunha familia que se ten que enfrontar ao baleiro que deixa un dos seus membros. A filla máis nova, aínda unha nena, perde a vida e os pais e os seus dous irmáns teñen que sobrelevar a desgraza. Pero a trama vaíse enguedellando ao aflorar outros sentimentos que condicionan as relacións no seo da familia. O xurado que lle concedeu o premio Blanco Amor á obra destacou a técnica narrativa e a coherencia entre contido e forma. Efectivamente, os cambios de narrador, de perspectiva e a estrutura do relato merecen tanta atención como os aspectos temáticos, porque os enmarcan tan á perfección que resulta difícil facer referencia a estes últimos sen ter en conta os primeiros. No primeiro capítulo lemos o diario dunha semana na vida dos catro protagonistas. Debuxamos o seu retrato a través da información que dá un narrador omnisciente e que se amplía cos monólogos interiores dos personaxes, en ocasións co seu discurso en estilo indirecto libre, e con narración en modo cinematográfico. Para completar a visión dos protagonistas, no segundo capítulo percibimos a imaxe que deles se forman os seus compañeiros de traballo e, no caso da filla, Helena, das súas ex-parellas. Este exercicio de dialoxismo non se reduce a unha mera exhibición de virtuosismo narratolóxico. Máis ben incide noutros temas esenciais como o binomio comunicación/incomunicación e a construción da identidade.

Ao comezar esta recensión fállese de afrontar o baleiro. O libro, de feito, constrúese sobre a imaxe do “oco”; o oco que deixa a filla

 **espello das letras**

morta, o oco do seu cuarto no conxunto da casa (outra das protagonistas da novela), os ocos que premeditadamente parecen quedar na trama e que non se poden encher ata a segunda lectura, os ocos da linguaxe e os ocos da personalidade. Dio moi ben unha das protagonistas: “É como se fose unha persoa baleira, pensou; baleira para a xente” (p. 68). O silencio convértese nun dos piares semánticos da novela porque o non dito é o que realmente importa, mentres que as escasas palabras que se pronuncian non deixan de ser un recheo co que cubrir os momentos de inevitable interacción. Os motivos que empurran ao “non expresado” son diversos, mais remiten á autocensura que impón a sociedade actual. Xa non é lícito verbalizar os afectos, sobre todo cando revelan unha dependencia emocional. A necesidade do outro considérase unha obscenidade que pode ferir a sensibilidade do obxecto desexado e mesmo do simple espectador do sufrimento alleeo. De aí a contención, as frases sen rematar e a negación dalgúns discursos que na novela aparecen riscados, vulgados, probablemente, como aberrantes polos receptores, como o caso no que o pai manifesta que vivía mellor con Franco (p. 141).

Porén, a incomunicación xera seres sumamente infelices que non son quen de tapar todos estes buratos cos sucedáneos que a contemporaneidade, a “modernidade líquida” se seguimos a terminoloxía de Bauman, ofrece; nin as operacións de estética, nin os ximnasiaos, nin os *puticlubs* nin a televisión salvan os personaxes da angustia, da frustración e do pánico ao compromiso.

Algunhas destas fendas énchense coa mirada do outro. A polifonía amosa a confrontación entre o “eu” e a imaxe que este proxecta. De feito, a recorrencia ao espello e á recomposición física do suxeito é unha constante ao longo da novela inzada de sesións de maquillaxe, duchas, cambios de vestiario e observacións do propio corpo.



Cristina, a nai, chega a problematizar a súa identidade ao cuestionarse: “e só eu me vexo como son?” (p. 175).

Co terceiro capítulo dáse unha volta de porca ao transmitir as consideracións que os propios membros da familia teñen uns dos outros. O diario chega á fin de semana onde o tempo compartido, por ser maior, fai estalar algúns conflitos latentes, aínda que nos resultan moito máis dramáticos aqueles que quedan por resolver xustamente pola falta de diálogo, tal e como se observa no capítulo final onde, cando por fin se opta pola confesión, xa non se atopa o interlocutor axeitado.

Concluindo, a novela constitúe un drama familiar con trazos faulknerianos, no que a problemática reside máis ben nos individuos que conforman a liñaxe por non atoparen o seu espazo (o seu oco, ou o seu nicho) na estrutura familiar e, por extensión, na estrutura social, unha vez que se modifican algúns dos seus códigos de convivencia e estabilidade. Pero máis que o argumento sobresaí, sen dúbida, o achegamento á trama. Non se trata só da experimentación en torno á modalización e á orde do discurso senón do ton no tratamento da historia. A dureza e o pesimismo feroz cos que se aborda a condición humana perdida nunha sociedade

que favorece o autismo non lle resta nada á tenrura que emana da narración, así como a innovación estilística non ten nada de deshumanización. Tampouco se trata de sentimentalismo barato. O lector experimenta a partes iguais unha sacudida emocional, cousa que é de agradecer nas nosas letras polo pouco frecuente, e un agradable impacto conceptual onde non queda ningún cabo solto. Esta obra é difícil de desatar polo ben artellada, aínda emprendendo unha segunda lectura, e pola dificultade de resolver as complicacións vitais que se presentan; non resulta tanto un nóceo, como se podería desprender dunha cita da novela (p. 171), senón un encrucillado engaiolante do que esperamos ter axiña unha nova entrega. Saudamos así esta proposta que agarra o lector polos sentidos, polo corazón e pola cabeza ■ **Inmaculada Otero Varela**

Un silencio fornecido de verbas

TODO É SILENCIO

MANUEL RIVAS

Xerais | 2010 | 274 páxinas

Todo é silencio, así é como titula Manuel Rivas a súa última novela. Tres palabras que repiten a modo de eco e baixo diferentes formas os seus personaxes, como un *leitmotiv*, ao longo da ficción. A frase de inicio marca toda a obra: “A boca non é para falar. É para calar” (p. 9). Pero todo é silencio? Pode ser todo agochado baixo o silencio? En tal caso, que se pretende ocultar ou, ao contrario, que se pretende revelar, moi ao seu pesar? “Un segredo” (p. 9)? Que segredo? Pero non se di tamén que o silencio ás veces di máis que a frase máis longa? Non está acaso o silencio paradoxalmente fornecido de verbas? Velaquí algunhas das interrogantes ás cales o lector se